

15.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 4 DE ABRIL DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 14/2016 DE 28 DE MARZO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 14/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 28 de marzo de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** Á DIÓCESE DE LUGO para recuperación estrutural e xeométrica da bóveda presbiteral e do arco toural no Santuario do Corpiño en Losón – Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 04/11/15 en concepto de Imposto

sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 380,26 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

Quedou pendente para un mellor estudo.

4.- EXPEDIENTE DE RECLAMACIÓN DE DANOS.

4.1.- Acordouse estimar a **concorrenca de responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín, e recoñecer o dereito ao solicitante, a ser indemnizado na cantidade reclamada**, que ascende a 24,30 euros POLOS PREXUÍZOS QUE SE LLE OCASIONARON COMO CONSECUENCIA DA IMPOSIBILIDADE DE FACER USO DO VADO CON LICENZA MUNICIPAL Nº 407, da Rúa Monte Faro, polos feitos ocorridos o día 16 de marzo de 2016.

5.- LIQUIDACIÓNS FISCAIS.

5.1.- Acordouse proceder á **devolución proporcional da taxa abonada por un posto de artesanía na Feira do Cocido de Lalín 2016**, dado que de acordo co informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal de data 30 de marzo de 2016 e toda vez que realizada a medición dos postos, non tiñan a medida correspondente en relación ao pago que a persoa solicitante fixera, habendo unha diferenza de 1 m. de fondo.

5.2.- Acordouse proceder á **devolución proporcional da taxa abonada por un posto de artesanía na Feira do Cocido de Lalín 2016**, dado que de acordo co informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal de data 30 de marzo de 2016 e toda vez que realizada a medición dos postos, non tiñan a medida correspondente en relación ao pago que a persoa solicitante fixera, habendo unha diferenza de 1 m. de fondo.

6.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 8 /2016.

6.1.- Acordouse o **recoñecemento extraxudicial das facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga, por un importe total de 5.136,66 €**, segundo a relación nº 00045.

7.-FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Acordouse a aprobación da relación de facturas nº 00044 por un importe total de 85.153,51 €.

8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse aprobar as cifras de poboación do municipio de Lalín a 1 de xaneiro de 2016 que son 20.070 habitantes. Esta cifra deberá ser comunicada ao Instituto Nacional de Estatística antes do 10 de abril.

8.2.- Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 07/2016.

8.3.- Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 04/2012 con carácter provisional ata o día 11/03/2021.

8.4.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante por importe total de 150 € a aboar en efectivo.

8.5.- Acordouse reintegrar a un traballador municipal, os gastos efectivamente realizados como consecuencia do desenvolvemento das funcións representativas propias do seu cargo, por un importe total de 193,32 €, de acordo cos xustificantes que se achegan.

8.6.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.025 € (IVE incluído) con destino ó servizo de publicidade que se prestará ó Concello de Lalín no semanario impreso SERMOS GALIZA S.A.

8.7.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 7.768,20 € (IVE incluído) con destino ó servizo consistente na realización de traballos de recuperación do céspede natural do Campo de Fútbol Manuel Ángel Cortizo, e contratar coa empresa Xardín Deza, S.L o servizo descrito nas condicións da oferta.

8.8.- Acordouse conceder autorización municipal á Escola de Tempo Libre Aloumiña e ás persoas matriculadas no Curso de Monitoras/es de Lalín o uso do Albergue Vicente Agulló Canda de Mouriscade, o sábado 30 de abril e o domingo 1 de maio.

8.9.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto **por importe de 6.458,98 € (IVE incluído)** con destino á **subministración e instalación de baterías do sistema SAI do Concello de Lalín** e contratar coa empresa SERVIUM SISTEMAS, S.L.U. o citado subministro conforme ó presuposto emitido pola mesma, con suxeición ao réxime dos contratos menores de subministro.

8.10.- Acordouse aprobar o **Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e Coruñesa de Etiquetas S.L.** para a cesión dun porquiño de exposición e promoción da Feira do Cocido de Lalín.

9.- CORRECCIÓN DE ERROS.

9.1.- Acordouse a **corrección do erro** padecido no punto núm. 12.11- escritos e comunicacións- do acordo aprobado na acta da Xunta de Goberno Local de data 21 de marzo de 2016.

9.2.- Acordouse a **corrección do erro** padecido no punto 5.2.- expedientes de contratación- engadindo o punto cuarto que se omitiu na acta aprobada na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 1 de xuño de 2015.

9.3.- Acordouse a **corrección do erro** padecido no punto 8.3- expedientes de contratación- do acordo adoptado na acta aprobada pola Xunta de Goberno Local do día 14 de marzo de 2016.

9.4.- Acordouse a **corrección do erro** padecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 7 de marzo de 2016, apartado 8.1.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Acordouse **aceptar a cesión da terminal TETRA** por parte da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e **asumir os custos derivados da súa instalación e mantemento;** e aprobar a adhesión do Concello de Lalín á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia. Así mesmo acordouse facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do documento **Anexo III, Adhesión á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia** e ás condicións de servizo determinadas na encomenda de xestión e mantemento a RETEGAL S.A. coa adquisición de terminais pola Xunta de Galicia, e asumir as obrigas que de dito documento se deriven para o Concello de Lalín.

10.2.- Acordouse **conceder autorización municipal** para a celebración da VIª Edición da Feira de Os Carballiños que terá lugar en Vilatuxe o día 8 de maio de 2016.

10.3.- Acordouse autorizar á persoa solicitante coa finalidade de realizar o proxecto de fin de carreira, **ao exame, toma de notas e obtención dalgunha copia do expediente, pero non á obtención de copias do proxecto do “Cine Balado”**.

10.4.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso do Auditorio de Vilatuxe para unha reunión que terá lugar o 15 de abril de 2016, na parroquia de Vilatuxe, Lalín.

10.5.- Acordouse **rexeitar a modalidade de convenio de servizo gratuíto de recollida selectiva con minipuntos limpos urbanos de residuos especiais, a celebrar entre o Concello de Lalín e a empresa Blipvert S.L.** no que se regularía a colaboración para a retirada de residuos especiais (pilas) neste Concello, e indicar á referida empresa que para desenrolar as súas actividades en Lalín deberá presentar unha solicitude indicando a ubicación dos minipuntos limpos e as características das ditas instalacións. A maiores, o Concello de Lalín resérvase a utilización dunha das dúas caras de cada instalación para o seu uso propio, durante o tempo de vixencia da autorización.
